

Logo de enviar un correo electrónico o pasado 22 de abril ao persoal docente de CIFP Imaxe e son a información relativa ao procedemento e a solicitude da mobilidade do Consorcio da Consellería para profesorado foi publicada o 30 de abril a convocatoria na páxina web de CIFP Imaxe e son . Advertido o 2 de maio un erro na convocatoria, nun enlace que debería dirixir ao procedemento e a resolución da mobilidade, procédese á actualización:

### **Actualización da convocatoria:**

CIFP Imaxe e son / Coordinación de proxectos internacionais informa ao persoal docente das axudas de mobilidade de formación ERASMUS+ convocadas polo Consorcio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**2023-1-ES01-KA131-HED-000147436**

Consulta:

- ▶ Procedemento da tramitación da mobilidade (Anexo I)
- ▶ Solicitude ( Anexo II)

-

### **I. Solicitude.**

O persoal docente interesado en participar no procedemento debe consultar a Resolución da convocatoria e presentar a documentación solicitada polo Consorcio da Consellería e por CIFP Imaxe e son na Secretaría de CIFP Imaxe e son entre o 30 de abril e o 6 de maio ás 11:30 h.

A presentación da solicitude implicará coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e do regulamento. Coa firma da solicitude a persoa solicitante autoriza o uso dos seus datos relativos a

nome, apelidos, valoracións e destinos solicitados e adxudicados no taboleiro de anuncios e na web do centro.

## **II. Responsabilidades das Institucións e persoas implicadas no procedemento.**

### **Consortio da Consellería.**

Supervisa e xestiona todo o procedemento a través de PLATEGA. Entre as súas actividades máis salientables están: validar a documentación presentada por cada centro de formación integrante do Consorcio, publicar a resolución definitiva de persoal beneficiario, facer o pagamento a cada persoa beneficiaria da beca de mobilidade.

### **CIFP Imaxe e son.**

Segundo protocolo definido polo Consorcio da Consellería, CIFP Imaxe e son / Coordinación internacional debe publicar a convocatoria, xestionar as solicitudes, convocar á Comisión de valoración para baremar, publicar a resolución provisional, resolver as reclamacións, publicar a resolución definitiva na Web e Taboleiro de anuncios. Seleccionadas as persoas beneficiarias polo Consorcio, CIFP Imaxe e son coordinará a redacción da documentación relativa a cada mobilidade entre cada persoa beneficiaria e o seu centro de acollida.

Para xestionar de forma eficiente as mobilidades de persoal docente, Coordinación internacional de CIFP Imaxe e son entregará a cada persoa beneficiaria unha "Listaxe de seguimento da mobilidade" na que se especificarán as actividades que deben realizarse e as datas de execución. A non presentación da documentación solicitada nos prazos definidos será motivo da perda do dereito á mobilidade.

### **Docente solicitante.**

É responsabilidade da persoa solicitante presentar a documentación descrita neste documento.

Cada solicitante terá que contactar e acordar coa Institución ou Empresa de acollida a aceptación da súa proposta de mobilidade; a efectos de simplificar este procedemento Coordinación internacional pon a disposición do persoal docente interesado a base de datos coas empresas e centros de formación contactados en experiencias de mobilidade anteriores.

### III. Condicionantes de Dirección para a solicitude das mobilidades:

Segundo acordo entre o equipo directivo e coordinación internacional:

- Non se pode viaxar nas datas de auditorías.
- Non se pode viaxar en datas de exames ou avaliacións.
- Xefatura de departamento no pode viaxar nas semanas de reclamacións.
- O profesorado que imparte clases nalgún módulo de 2º ordinario debe viaxar preferentemente no terceiro trimestre.
- Dúas persoas como máximo viaxarán a través do mesmo programa na mesma data ao mesmo destino.
- Un grupo de alumnado non poderá quedar sen clase de máis dun docente na mesma semana por motivo de mobilidades internacionais.

### IV. Temporalización do procedemento:

A xestión dos tempos deste procedemento son consecuencia das ordes ditadas polo Consorcio da Consellería e polos condicionantes de CIFP Imaxe e son.

- ▶ 30 de abril\_ CIFP Imaxe e son publica a convocatoria.
- ▶ 6 maio ás 11:30 h.\_ Data e hora límite para a entrega da documentación da solicitude en Secretaría de CIFP Imaxe e son.  
6 maio\_ Publicación da Resolución provisional.
- ▶ 7, 8, 9 \_ Datas disponibles para a presentación de reclamacións.
- ▶ 12 maio\_ Publicación da Resolución definitiva.
- ▶ 12 de maio\_ CIFP Imaxe e son enviará á Consellería a documentación da mobilidade.

Será logo o Consorcio da Consellería quen atendendo a tódalas solicitudes dos centros educativos de Galicia publique a resolución definitiva das persoas beneficiarias.

15 días naturais despois de que o Consorcio da Consellería adxudique as mobilidades, cada persoa beneficiaria de CIFP Imax e son deberá informar a Coordinación internacional da identidade e contacto coa Empresa ou Institución de acollida que acepta a súa mobilidade de formación.

En caso de que no prazo indicado a persoa beneficiaria non presente a información solicitada será informada e disporá dun prazo de tres días para actualizar a documentación. En caso de non presentar a documentación solicitada CIFP Imaxe e son interpretará que renuncia á mobilidade.

## **V. Documentación que debe presentar cada solicitante para a baremación:**

### **1\_ ANTIGÜIDADE NO CENTRO EDUCATIVO.**

A acreditación deste mérito valorarase segundo considere cada persoa solicitante por calquera das dúas seguintes opcións:

**Opción A\_** A persoa solicitante acepta que por solicitude da Comisión de valoración o Secretario de CIFP Imaxe e son consulte o seu expediente e comunique á Comisión de valoración a información relativa a este criterio de baremación.

En caso de que a persoa solicitante non acepte que o Secretario consulte os datos relativos a este criterio deberá acreditar este mérito a través da opción B.

**Opción B\_** A persoa solicitante presentará orixinal ou copia compulsada da Certificación ou nomeamento oficial do órgano competente.

### **2\_ COÑECEMENTO DE IDIOMAS.**

A acreditación deste mérito valorarase segundo considere cada persoa solicitante por calquera das seguintes opcións:

**Opción A\_** Como no caso anterior a persoa solicitante acepta que por solicitude da Comisión de valoración o Secretario de CIFP Imaxe e son consulte o seu expediente e comunique á Comisión de valoración a información relativa a este criterio de baremación.

Si algunha das experiencias educativas relativas a este criterio non está actualizada no seu expediente virtual de "Datos persoais" deberá adxuntar o documento acreditativo que corresponda en soporte papel.

En caso de que a persoa solicitante non acepte que o Secretario consulte os datos relativos a este criterio e informe á Comisión de valoración deberá acreditar este mérito a través da opción B.

**Opción B\_** A persoa solicitante deberá presentar a Certificación orixinal ou compulsada que acredite a súa competencia lingüística nun idioma estranxeiro, segundo a clasificación do Marco común europeo (MCER).

### **3\_ OUTROS MÉRITOS.**

A acreditación deste mérito valorarase segundo considere cada persoa solicitante por calquera das seguintes opcións:

**Opción A\_** *A persoa solicitante presentará cumprimentada a FICHA DE MÉRITOS (Anexo III) e asinará a declaración xurada na de que os datos reflectidos na ficha de méritos están actualizados no seu expediente profesional virtual en "Datos persoais" da Xunta de Galicia.*

Tanto o Consorcio da Consellería como a Comisión de valoración da convocatoria poderá solicitar á persoa solicitante a verificación da información dictada na FICHA DE MÉRITOS.

Si algunha das experiencias educativas explicitadas na "FICHA DE MÉRITOS" non está actualizada no expediente virtual de "Datos persoais" a persoa solcitante deberá adxuntar o documento acreditativo que corresponda en soporte papel.

**Opción B\_**

A persoa solicitante deberá presentar a FICHA DE MÉRITO e a documentación orixinal ou compulsada que acredite cada experiencia educativa indicada.

A efectos de baremación do punto 3: Outros méritos, a Comisión de valoración considerará para puntuación unicamente a información explicitada pola persoa solicitante na FICHA DE MÉRITOS.

#### **4\_ NON PARTICIPACIÓN EN MOBILIDADES KA1 DO PROGRAMA ERASMUS+.**

A persoas solicitantes que non participasen desde o 1 de setembro de 2021 en mobilidades KA1 do programa ERASMUS+ organizadas polo Consorcio da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou ben organizadas a través de Proxectos propios de CIFP Imaxe e son ou de calquera outro Proxecto propio de calquera centro de Formación deberán presentar unha Declaración xurada na que informe da súa non participación neste tipo de actividade formativa.

Finalmente, segundo a Guía Erasmus+ 2024:

A execución do programa Erasmus+ e, por tanto, os seus beneficiarios e as actividades executadas no marco do Programa deben respectar os valores da UE de respecto da dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade, Estado de Dereito e respecto dos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas pertencentes a minorías, respectando plenamente os valores e dereitos consagrados nos Tratados da UE e na Carta dos Dereitos Fundamentais da UE.

**En A Coruña a 2 de maio de 2025**



**Cofinanciado por  
la Unión Europea**

## Anexo II

Acceso ao modelo "Instancia de solicitude" do Proxecto: 2023-1-ES01-KA131-HED-000147436

En:

Documento adxunto: Anexo II

XUNTA DE GALICIA		ANEXO II		Cofinanciado por la Unión Europea	
<b>PROCEDIMIENTO</b>			<b>PROXECTO</b>		
ANEXO DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS QUE FORMAN PARTE DO CONCORDIO DE MOBILIDADES DO PROXECTO ANEXO II- 2023-1-ES01-KA131-HED-000147436			SOLICITUDE		
<b>DATOS DA PERSOÑA SOLICITANTE</b>					
NOME		PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF	
TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLDQ	ANGAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELEFONO		TELEFONO MOBILE	CORREO ELECTRONICO		
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (sómbri se no caso de actuar como representante. Deberá acreditarse a representación fidejuga por calquera medio válido en Galicia)					
NOME		PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF	
<b>DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>					
Residencia en <input type="checkbox"/> Persoa solicitante <input type="checkbox"/> Persoa representante					
Empresario antes de partir a disposición da notificación en carter establecido e/ou notificación máis facilitada a continuación					
TELEFONO MOBILE		CORREO ELECTRONICO			
<input type="checkbox"/> Para o envío a endereço postal véxase o apartado anteriormente					
TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLDQ	ANGAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
<b>OUTROS DATOS DA PERSOÑA SOLICITANTE</b>					
CENTRO DE EDUCACIÓN					
<input type="checkbox"/> ALUMNADO					
<input type="checkbox"/> PERSOA TITULADA RECENTE					
TITULACIÓN		DATA DE OBTENCIÓN DO TÍTULO			
<input type="checkbox"/> PERSOA MATRICULADA NO CURSO 2023/24					
<input type="checkbox"/> PERSOA MATRICULADA NO CURSO 2024/25					
TITULACIÓN					
TIPO DE MOBILIDADE SOLICITADA					
<input type="checkbox"/> MOBILIDADE PRÁCTICA DE LONXA SUBALOXACIÓN PARA FORMACIÓN			<input type="checkbox"/> MOBILIDADE COMBINADA PARA FORMACIÓN PRÁCTICA D-39		
PRÁCTICA D-13-REBES			MOBILIDADE PRÁCTICA D-39		
PARA O DESTINO			LOCALIDADE DE DESTINO		

## Anexo III (OPCIÓN A)

**Nome e apelidos:**

### I. ANTIGÜIDADE NO CENTRO EDUCATIVO.

A persoa solicitante acepta que por solicitude da Comisión de valoración o Secretario de CIFP Imaxe e son consulte o seu expediente e comunique á Comisión de valoración a información relativa a este criterio de baremación.

### 2 COÑECEMENTO DE IDIOMAS.

A persoa solicitante acepta que por solicitude da Comisión de valoración o Secretario de CIFP Imaxe e son consulte o seu expediente e comunique á Comisión de valoración a información relativa a este criterio de baremación.

Si algunha das experiencias educativas relativas a este criterio non está actualizada no seu expediente virtual de "Datos persoais" deberá adxuntar o documento acreditativo que corresponda en soporte papel.

### 3 OUTROS MÉRITOS

Declaro que a información presentada na ficha de méritos está reflectida no meu expediente profesional virtual en "Datos persoais" da Xunta de Galicia.

E para que así conste, asíno o presente documento en

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

A persoa beneficiaria



## FICHA DE MÉRITOS (OPCIÓN A)

Nome e apelidos:

\* Obrigatorio

\* Engada as filas que necesite.

Si algunha das experiencias educativas relativas a este criterio non está actualizada no seu expediente virtual de "Datos persoais" deberá adxuntar o documento acreditativo que corresponda en soporte papel.

<b>I. Participación en programas educativos</b>								
Nº	Tipo *	Nome*	Organismo*	Horas *	Data inicio	Data fin	Data certificad*	Rol*
1.1								
1.2								
1.3								
1.4								
1.5								
n.*								

Observacións:

<b>II. Participación en grupos de traballo</b>								
Nº	Tipo	Nome*	Organismo*	Horas *	Data inicio	Data fin	Data certificad*	Rol *
2.1								
2.2								
2.3								
n.*								

Observacións:

**III. Coordinacións e dinamizacións.**

Nº	Cargo*	Centro*	Data posesión*	Data cese*
3.1				
3.2				
3.3				
n*				

Observacións:

**IV. Exercicio da dirección, videdirección, xefatura de estudos, secretaría e asimilados en centros públicos.**

Nº	Cargo*	Centro*	Data posesión*	Data cese*
4.1				
4.2				
4.3				
n*				

Observacións:

## Anexo III (OPCIÓN B)

**Nome e apelidos:**

### **1. ANTIGÜIDADE NO CENTRO EDUCATIVO.**

A persoa solicitante debe presentar documento orixinal ou copia compulsada da Certificación ou nomeamento oficial do órgano competente.

### **2. COÑECEMENTO DE IDIOMAS.**

A persoa solicitante debe presentar Certificación orixinal ou compulsada que acredite a competencia lingüística dos idiomas que correspondan.

### **3. OUTROS MÉRITOS**

A persoa solicitante debe presentar a FICHA DE MÉRITOS e os documentos orixinais ou compulsados que acrediten cada mérito.

## FICHA DE MÉRITOS (OPCIÓN B)

Nome e apelidos:

\* Obrigatorio

\* Engada as filas que necesite.

<b>I. Participación en programas educativos</b>								
Nº	Tipo *	Nome*	Organismo*	Horas *	Data inicio	Data fin	Data certifiad*	Rol*
1.1								
1.2								
1.3								
1.4								
1.5								
1.6								
1.7								
n.*								

Observacións:

<b>II. Participación en grupos de traballo</b>								
Nº	Tipo	Nome*	Organismo*	Horas *	Data inicio	Data fin	Data certifiad*	Rol *
2.1								
2.2								
2.3								
n.*								

Observacións:

**III. Coordinacións e dinamizacións.**

Nº	Cargo*	Centro*	Data posesión*	Data cese*
3.1				
3.2				
3.3				
n*				

Observacións:

**IV. Exercicio da dirección, videdirección, xefatura de estudos, secretaría e asimilados en centros públicos.**

Nº	Cargo*	Centro*	Data posesión*	Data cese*
4.1				
4.2				
4.3				
n*				

Observacións:

**Anexo IV (OPCIÓN A e OPCIÓN B)**

REF: PROXECTO ERASMUS+ N° 2023-1-ES01-KA131-HET-000147436

Eu, Nome e apelidos:

NIF:

Declaro que desde o 1 de setembro de 2021 non participei en mobilidades KA1 do programa ERASMUS+ organizadas tanto polo Consorcio da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como a través de Proxectos propios de CIFP Imaxe e son ou de calquera outro Proxecto propio de calquera centro de Formación.

E para que así conste, asino o presente documento en

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

A persoa beneficiaria